



Convocatoria de bolsas Erasmus+ para profesorado 2022/2023

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto fomentar que o profesorado dos ciclos formativos de grado superior do instituto realicen unha mobilidade a un país da Unión Europea co fin de mellorar o seu desenvolvemento persoal, profesional e lingüístico.

É requisito para participar ter impartido algún módulo en ciclos superiores no IES A Guía durante o curso 2022-2023 ou formar parte do equipo directivo.

2. Número de bolsas Erasmus+

Para este curso dispoñemos de 5 prazas correspondientes ao *Proxecto Erasmus+ 2022-1-ES01-KA131-HED-000057085*.

As bolsas son para a realización dun periodo formación na modalidade job shadowing (aprendizaxe por observación) de 5 días (máis 2 de viaxe) nunha empresa ou institución dalgún dos países do apartado 4, e se realizará, se é posible, no terceiro trimestre do curso 2022-2023.

3. Prazo de presentación de solicitudes

A solicitude da bolsa para a presente convocatoria poderá presentarse dende o día 2 de febreiro de 2022 ata o 16 de febreiro de 2022, ambos inclusive.

4. Países elexibles e importes da bolsa

Os países elexibles para realizar a mobilidade son os seguintes:

- Grupo 1: Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega e Suecia.
- Grupo 2: Alemania, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.



- Grupo 3: Macedonia do Norte, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Rumanía, Serbia e Turquía.

Para os países do grupo 1, percibiráse un importe de 120 euros por día.

Para os países do grupo 2, percibiránse 105 euros por día.

Para os países do grupo 3, un importe de 90 euros por día.

Ademáis, recibiráse unha axuda única para a viaxe dependendo da distancia ao lugar de destino:

Entre 100 e 499 KM	180 euros
Entre 500 e 1.999 Km	275 euros
Entre 2.000 e 2.999 Km	360 euros
Entre 3.000 e 3.999 Km	530 euros

5. Proceso de selección

Os aspirantes deberán enviar ó correo electrónico pi.iesagua@gmail.com a seguinte documentación:

- O documento “Proposta mobilidade persoal” ([Anexo 1](#)) debidamente cuberto.
- A certificación oficial B1 ou superior no idioma de traballo da mobilidade, en caso de telo.
- Para aqueles solicitantes que non teñan un título acreditativo lingüístico oficial, o documento “Compromiso lingüístico” ([Anexo 2](#)) cuberto no cal acreditan ter os coñecementos idiomáticos necesarios para lograr unha mobilidade de calidade.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a Comisión de Selección revisará os proxectos presentados e publicará a listaxe de admitidos, excluindo todas aquelas candidaturas con erros na forma. Nese momento, abrirase un prazo de 5 días naturais para posibles



alegacións. Acto seguido, a Comisión reunirase para valorar as propostas presentadas tendo en conta os criterios mencionados no apartado 6 desta convocatoria. Será seleccionada a proposta con máis puntuación na NOTA FINAL DO PROCESO (por orde de máis a menos) ata alcanzar en número ó das mobilidades ofertadas tendo en conta que a nota mínima para poder optar ás mobilidades será de 5 sobre 10.

Abrirase un prazo para reclamacións tras a publicación do listado provisional de persoal beneficiario de mobilidades con subvención Erasmus+ para formación no estranxeiro. O prazo exacto e o procedemento de reclamación publicarase nese momento.

Unha vez rematado o prazo de reclamación, darase resposta ás reclamacións, se as houberse, e publicarase o listado definitivo de persoal beneficiario de mobilidades con subvención Erasmus+, máis o listado de reserva se houberse, nun prazo máximo de 30 días.

6. Criterios de selección

Os criterios a ter en conta para seleccionar aos beneficiarios das mobilidades son os seguintes:

CRITERIO 1: “Idoneidade da Proposta de mobilidade”. Valorarase:

- a concreción de datas, institución de acollida e temporalización da mobilidade,
- o período de mobilidade proposto, que en ningún caso poderá interferir cos períodos de exames e avaliacións,
- os obxectivos e o valor engadido europeo,
- a xustificación da mobilidade fundamentada en necesidades detectadas,
- o impacto no IES e no Departamento,
- a difusión e a avaliación previstas,

tendo en conta os obxectivos e sobre todo os resultados que marca o Programa Erasmus+ para as mobilidades das persoas por motivos de aprendizaxe, e que se recollen na [Guía do Programa](#) na convocatoria 2022.

- ◆ Puntuacións posibles: De 1 a 10 sen decimais.

CRITERIO 2: “Competencia lingüística”



- ◆ Puntuarase mediante Certificación oficial B1 ou maior no idioma de traballo da mobilidade, da seguinte maneira:
 - Non presenta certificación oficial requirida: 0 puntos (**)
 - Presenta certificación oficial B1: 5 puntos
 - Presenta certificación oficial B2 ou maior: 10 puntos

(**)O persoal que queira participar e non presente certificación oficial deberá asinar o documento “Compromiso lingüístico” (modelo aportado polo IES) no que afirmará posuír a competencia lingüística necesaria no idioma de traballo para lograr un aproveitamento satisfactorio da mobilidade. O documento asinarase cando se entregue a proposta.

- ◆ Terase en conta que é imprescindible ter un coñecemento adecuado do idioma de traballo para poder afrontar as actividades a desenvolver nunha mobilidade de profesorado e poder acadar os obxectivos marcados. O nivel de competencia lingüística necesario debe ser consensuado co socio de acollida e recollerase no Acordo de mobilidade final.

CRITERIO 3: “Situación laboral no IES”

- ◆ Valorarase a situación laboral de carácter definitivo ou provisional no IES da seguinte forma:
 - ◆ Con destino definitivo no IES A Guía: 5 puntos.
 - ◆ Con destino provisional no IES A Guía: 4 puntos.
- ◇ Ademáis, os candidatos recibirán outros 5 puntos se pertencen ao equipo directivo ou á coordinación de programas internacionais
- ◆ En caso de empate neste criterio e na nota final do proceso: primará antigüidade no centro e logo antigüidade no corpo.

A nota final do proceso será o resultado de ponderar o criterio 1 cun 40%, o criterio 2 un 30% e o criterio 3 outro 30%.



7. Comisión de Valoración

Estará conformada por:

- A directora
- A xefa do departamento de comercio
- A coordinadora de programas internacionais

Constituirase despois de publicar estas bases.

A coordinadora de programas internacionais actuará como representante da Comisión e encargarse de realizar as convocatorias e as publicacións deste proceso en nome da Comisión

8. Seguimento do proceso

Todas as publicacións, listaxes e demais información referente ás distintas fases do proceso selectivo poderá consultarse no apartado Erasmus+ da páxina web do instituto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesguia/erasmusplus> así como no taboleiro de anuncios da sala de profesores.

Ao mesmo tempo serán publicitadas no noso perfil oficial de instagram:

<https://www.instagram.com/erasmus.aguia>

Vigo, 1 febreiro 2023

A coordinadora de programas internacionais